

# Balance do turismo en Galicia

*Verán 2021*



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

# INTRODUCCIÓN

- O balance da actividade turística en Galicia correspondente ao pasado verán vén obviamente condicionado pola pandemia da Covid19 que provocou unha crise sen precedentes no conxunto da economía e, en consecuencia, tamén no ámbito turístico.
- Pasado máis dun ano desde o inicio da pandemia, o fito máis importante que marca o desenvolvemento económico e social en España e Galicia nestes últimos meses é o forte avance no proceso de vacinación da poboación. O inicio do verán coincide con boa parte da poboación maior de 40-50 anos vacinada, e a medida que foron avanzando as semanas íase ampliando o rango de persoas con primeiras e segundas doses para rematar agosto co intervalo de poboación maior de 20 anos vacinada nunha porcentaxe moi elevada.
- Este elemento foi e é determinante para o regreso á normalidade, circunstancia que afecta de forma moi positiva á mobilidade da poboación, á apertura plena da actividade económica en xeral, e da actividade turística en particular.
- En calquera caso a progresiva volta á normalidade non estivo exenta de contratempos e xustamente no inicio do verán Galicia e España entraban de pleno na quinta onda da pandemia, con incrementos dos contaxios e hospitalizacións que levaron a manter e mesmo reforzar medidas de restrición da mobilidade, e dos aforos na hostalería e nas actividades deportivas e culturais, entre outras. Na segunda quincena de xullo o panorama foi mellorando e nas sucesivas semanas o número de casos foi diminuindo gradualmente para situar a Galicia con cifras de contaxios e hospitalizacións baixas no final do verán.
- Todos estes elementos condicionaron en grande medida o desenvolvemento da actividade turística en Galicia e no conxunto de España neste verán, consolidando a recuperación que levemente se viña iniciando desde o mes de maio nalgúns segmentos concretos.
- Este balance pon de manifesto, por tanto, a recuperación da actividade no sector con carácter xeral, intentando analizar na medida do posible diferenzas de comportamento segundo o mes considerado, o ámbito territorial de referencia, o mercado de orixe ou o segmento da actividade en concreto.

# PRINCIPAIS INDICADORES

Viaxeiros

1.489.592

(-1,6%)

Noites

3.856.919

(-2,0%)

Estadía  
media

2,59  
noites

ADR

75,3 €

(10,7%)

RevPAR

48,3 €

(13,0%)

Recup.  
demanda  
21/19

98,0%

Prazas

122.421

(-1,6%)

Afiliacións

81.653

(-10,5%)

Peregrinos

77.537

(-33,2%)

# DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda turística regradada en Galicia. Verán 2021

	T. Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	1.308.428	181.165	<b>1.489.592</b>
NOITES	3.485.368	371.550	<b>3.856.919</b>
ESTADÍA MEDIA	2,66	2,05	<b>2,59</b>

# DEMANDA TURISTICA


O balance da actividade turística en Galicia correspondente a este verán vén obviamente condicionado polo contexto actual de crise provocada pola Covid19. Coincide xustamente co avance no proceso de vacinación da poboación e progresivo regreso á normalidade, no que os niveis de oferta dispoñible e de demanda se van recuperando de tal maneira que superan, con creces, as cifras do pasado ano e nalgúns casos concretos os niveis de 2019, previos á pandemia. Isto reflíctese nas grandes magnitudes de afluencia turística e de comportamento dos diferentes mercados.

A recuperación da actividade turística no verán permitiu poñer no mercado practicamente o mesmo nivel de oferta de 2019, previo á pandemia, superando ademais nun 7,3% o volume de prazas dispoñibles no verán pasado.

Do lado da demanda obsérvase tamén un comportamento positivo nos establecementos regrados de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural-. Neste caso supéranse con creces os niveis do pasado ano –nun 66% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 59% o volume de noites- achegándose ademais ás cifras de 2019 –o nivel de recuperación sitúase no 98% con preto de 3,9 millóns de noites no conxunto da comunidade-.

A estadía media mantense estable en comparación co verán de 2019 para situarse en 2,6 noites.

## Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Verán 2021/19



# DEMANDA TURISTICA

## Noites nos establecementos regrados e variación interanual por CC.AA. Verán 2021

NOITES	
<b>ESPAÑA</b>	<b>97.994.534</b>
Cataluña	20.156.560
Andalucía	16.704.245
Baleares	14.857.306
C. Valenciana	12.466.748
Canarias	9.986.812
<b>Galicia</b>	<b>3.856.919</b>
Madrid	2.956.273
Castela e León	2.840.964
Asturias	2.630.499
Aragón	2.467.432
Cantabria	2.185.371
País Vasco	1.987.065
Murcia	1.398.916
Castela - A Mancha	1.170.818
Navarra	968.520
Extremadura	812.676
Rioxa, A	502.829

Var. NOITES 21/19	
<b>ESPAÑA</b>	<b>-27,2%</b>
Asturias	7,0%
Aragón	-0,1%
Murcia	-1,0%
Navarra	-2,0%
<b>Galicia</b>	<b>-2,0%</b>
Castela - A Mancha	-2,4%
Rioxa, A	-4,0%
Extremadura	-6,3%
Castela e León	-7,1%
País Vasco	-8,9%
Cantabria	-10,9%
C. Valenciana	-14,1%
Andalucía	-16,1%
Cataluña	-31,7%
Madrid	-41,1%
Baleares	-42,0%
Canarias	-45,7%

# DEMANDA TURÍSTICA

- O comportamento da demanda turística en Galicia segue a grandes trazos o patrón observado no conxunto de España, se ben mellora a dinámica de boa parte das comunidades autónomas.
- Todos os destinos superan de forma notable os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade aqueles que xustamente sufriron con maior dureza os efectos negativos da crise –Baleares, por exemplo, triplica o volume de noites do verán de 2020 mentres que Canarias e Madrid superan en máis do dobre os volumes do pasado ano-. A C. Valenciana, Murcia ou Andalucía presentan tamén incrementos notables da demanda en termos interanuais.
- En comparación co verán de 2019 soamente un destino, Asturias, consegue resultados positivos no sentido de que supera os volumes previos á pandemia –nun 7,0%-. Aragón mantense en niveis semellantes mentres que os restantes destinos fican por debaixo dos valores de 2019, con porcentaxes de recuperación variables. Neste sentido cinco destinos amosan unha dinámica tamén positiva por canto se sitúan por encima do 95% da demanda previa á crise. Son, por esta orde, Murcia, Navarra, Galicia, Castela A Mancha e A Rioxa.
- No lado contrario os niveis de recuperación máis lentos corresponden xustamente a aqueles destinos que sufriron maiores perdas de demanda nesta pandemia –os destinos insulares e do mediterráneo peninsular, agás Murcia-. Madrid, Baleares e Canarias sitúanse por debaixo do 60% da demanda que tiñan no verán de 2019.
- En termos de volume Cataluña, con preto de 20,2 millóns de noites, é o destino de maior peso no conxunto de España neste período estival –absorbe o 20,6% do total estatal-. Seguen en orde de importancia, por esta orde, Andalucía, Baleares, a C. Valenciana e Canarias. Estes cinco destinos representan algo máis do 75% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia ocupa o sexto lugar no ranking das CC.AA., xusto por detrás das cinco anteriores, representando o 3,9% do total de España neste verán –porcentaxe que supera nun punto a cifra de 2019-. Mellora a súa posición no segmento dos cámpings –ocupando o cuarto lugar en orde de importancia- mais empeora por exemplo no caso do turismo rural –sendo o décimo destino en orde de importancia-.

# DEMANDA TURISTICA

## Posición de Galicia no ranking estatal, por tipoloxías de aloxamento. Número de noites e variación interanual, verán 2021/19

### ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	BALEARES	12.317.870
6ª	GALICIA	2.623.490

Ranking	CC.AA.	Var. 21/19
1ª	ASTURIAS	-0,7%
2ª	GALICIA	-5,6%

### APARTAMENTOS TURÍSTICOS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	C. VALENCIANA	4.064.108
7ª	GALICIA	269.195

Ranking	CC.AA.	Var. 21/19
1ª	A RIOXA	39,0%
7ª	GALICIA	13,1%

### CAMPINGS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CATALUÑA	7.646.598
4ª	GALICIA	799.318

Ranking	CC.AA.	Var. 21/19
1ª	NAVARRA	22,4%
6ª	GALICIA	8,3%

### TURISMO RURAL

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CASTELA E LEÓN	573.158
10ª	GALICIA	164.916

Ranking	CC.AA.	Var. 21/19
1ª	CAST. A MANCHA	23,0%
15ª	GALICIA	-8,2%




# DEMANDA TURÍSTICA

No verán consolídase a recuperación da actividade turística en Galicia de tal xeito que en agosto supéranse non só os niveis do pasado ano –nun 59%- senón tamén os volumes previos á pandemia, de 2019 –nun 2,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 1,5% o número de noites-, rexistrando preto de 2,3 millóns de pernoctacións –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, só por detrás do valor acadado en 2017-.

Nos primeiros cinco meses deste ano o nivel de recuperación da actividade turística era aínda frouxo, con porcentaxes que se achegaban no mellor dos casos ao 40% da demanda de 2019 en marzo ou en maio. En xuño apréciase un punto de inflexión, cun incremento que sitúa o nivel dese mes no 65% da demanda previa á crise, porcentaxe que ascende ao 93% en xullo e supera, por vez primeira desde o inicio da pandemia, o valor daquel ano en agosto.

Recuperación da demanda turística nos aloxamentos turísticos. Ano 2021/19, por meses




# DEMANDA TURISTICA

No cómputo global do ano obsérvase, en conxunto, un incremento da demanda en relación ao pasado ano –do 52% no número de noites- pero certa distancia cos niveis previos á pandemia, de 2019 en concreto. Neste caso a porcentaxe de recuperación sitúase no contorno do 70%, con máis de 5,5 millóns de noites no conxunto da comunidade.

Nos primeiros oito meses deste ano Galicia ocupa o sétimo posto no ranking estatal, por detrás dos principais destinos do Estado. En termos dinámicos todas as comunidades fican aínda por debaixo dos niveis previos á pandemia con porcentaxes de recuperación que van do 80% en Asturias ao 25% no caso de Canarias. Neste contexto Galicia ocupa a terceira posición cun nivel de recuperación só inferior ao de Asturias e Navarra, situándose no grupo de comunidades de mellor comportamento en termos relativos.

A estadia media anual mantense por segundo ano consecutivo por encima das 2,4 noites, cifra que supera nun 9,4% o dato de 2019.

## Evolución da demanda turística nos establecementos regradados. Acumulado a agosto 2021/19




# DEMANDA TURISTICA

A cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos de aloxamento regrado de Galicia recupera neste verán os valores habituais na comunidade. Máis alá da comparativa co ano 2019 –que ofrece en si un descenso do 1,6%- obsérvase que o volume deste ano –case 1,5 millóns de viaxeiros- é parello ao observado nos dous anos anteriores á pandemia e supera, ademais, os niveis anteriores ao 2015.

O máximo da serie histórica sitúase ata o de agora en 2016 e 2017, con algo máis de 1,6 millóns de viaxeiros aloxados na comunidade.

A recuperación deste lado é plena, con 595 mil novos viaxeiros en relación ao período estival do pasado ano.

**Evolución viaxeiros aloxados nos establecementos regrados. Verán 2013-21**




# DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións acontece algo semellante. O incremento deste verán non ten precedentes en termos de intensidade –supera nun 59% a cifra do pasado 2020- e coloca a cifra deste ano -preto de 3,9 millóns de pernoctacións- en niveis parellos aos que había antes da pandemia. En comparación co ano 2019 o nivel de recuperación sitúase no 98% pero, por exemplo, o volume acadado neste verán supera o valor de 2018 e tamén toda a serie anterior a 2016.

En realidade, o dato deste verán é o cuarto máis elevado de toda a serie histórica, só por detrás dos niveis rexistrados en 2016, 2017 e 2019. Pode falarse, por tanto, de recuperación plena da demanda agora no verán.

Esta recuperación permite gañar 1,43 millóns de pernoctacións respecto do valor do pasado ano 2020.

## Evolución das noites nos establecementos regrados. Verán 2013-21




# MERCADOS TURÍSTICOS

Neste verán o 90% da demanda turística regrada corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas-. Ambos segmentos xeraron preto de 3,5 millóns de pernoctacións neste período estival.

O turismo internacional supón, en cambio, o 10% do total da demanda regrada neste mes con 371 mil pernoctacións neste caso.

Esta distribución da demanda mantén a grandes trazos o esquema do pasado ano e rompe un pouco coa tendencia dos anos anteriores á crise, reforzándose o peso do mercado nacional –que habitualmente se colocaba no contorno do 81% e agora pasa ao 90%- e diminuíndo en paralelo o peso do turismo internacional –que fica no 10% do total da demanda-.

Peso dos principais mercados nos establecementos regrados. Verán 2021




# MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste verán un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos melloran as cifras do pasado ano, en porcentaxes moi elevadas, pero só o mercado nacional consegue superar tamén o nivel de demanda previo á pandemia, de 2019 –nun 8,8% no relativo ao volume de noites-. Tal circunstancia débese en grande medida ao incremento na cifra de viaxeiros españois aloxados nos establecementos regrados de Galicia, que supera nun 13,9% o nivel de 2019.

O mercado internacional presenta un comportamento diferente. A pesar do notable incremento rexistrado en relación ao pasado ano –dobra os volumes de 2020- fica aínda lonxe dos valores de 2019 –o número de noites sitúase levemente por encima do 50% do nivel de 2019 como consecuencia dun comportamento parello da cifra de viaxeiros estranxeiros-.

Recuperación dos principais mercados nos aloxamentos regrados. Verán 2021/19




# MERCADOS TURÍSTICOS

O notable incremento do turismo de ámbito nacional en Galicia neste verán leva a este segmento a rexistrar un máximo da serie histórica con preto de 3,5 millóns de noites. A recuperación foi de tal intensidade que se superaron non só os niveis do pasado ano senón todos os rexistros anteriores –o máximo anterior correspondía ao dato de 2017 con preto de 3,3 millóns de noites-.

Galicia foi neste verán, por tanto, un referente importante para o mercado nacional, non só para o de proximidade senón sobre todo para aqueles máis distantes que habitualmente conforman o groso dos principais mercados da nosa comunidade –caso de Madrid ou Andalucía, entre outros-.

Evolución do mercado nacional nos aloxamentos regrados. Noites verán 2013-21




# MERCADOS TURÍSTICOS

No caso do mercado internacional a dinámica é diferente. Por diferentes motivos asociados á evolución da pandemia nos mercados emisores e ás medidas restritivas aplicadas a nivel internacional, o grao de recuperación rexistrado neste verán é inferior ao rexistrado polo mercado nacional, situándose entón á metade do nivel previo á pandemia. De 2016 a 2017 o turismo internacional xeraba máis de 700 mil pernoctacións en Galicia, durante o período estival, cifra que baixa a 188 mil noites en 2020 e sitúase en 372 mil noites agora en 2021.

A pesar da mellora o turismo internacional continúa neste ano en mínimos da serie histórica, circunstancia que afecta ademais á maior parte dos mercados emisores.

Evolución do mercado internacional nos aloxamentos regrados. Noites verán 2013-21






# MERCADOS TURÍSTICOS

A diferenza de intensidade na recuperación dos niveis de demanda dos dous grandes segmentos de mercado provoca que neste verán varíe o peso dos mesmos dentro da estrutura global. Así, o mercado nacional absorbe o 90,4% do total das noites no aloxamento regrado –consolidando a súa notable presenza en Galicia durante o período estival- mentres que o 9,6% restante queda para o internacional.

Esta distribución cambia respecto do que se viña observando nos últimos anos previos á pandemia, cunha estrutura bastante estable que deixaba entornao ao 81% da demanda para o mercado nacional e o 19% para o internacional.

En termos globais, por tanto, obsérvase que en tempos de pandemia refórzase o peso do turismo de ámbito nacional en Galicia –que xa viña sendo moi notable- en paralelo á perda de cuota de mercado do segmento internacional.

Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda regrada. Verán 2013-21




# MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito hoteleiro –que representa o 68% do total da demanda regrada- é posible realizar unha análise máis segmentada por mercados. En particular, obsérvase que o 19% do total da demanda turística corresponde ao mercado interno, isto é, á demanda xerada polos residentes en Galicia –con máis de 507 mil noites no verán-. O 71% provén das restantes comunidades autónomas –representa por tanto ao mercado receptor nacional, con máis de 1,8 millóns de noites- e tan só o 10% ao turismo internacional –con 270 mil neste caso-.

Consólidase e mesmo refórzase o peso do mercado nacional en Galicia no período estival, sobre todo do que procede do conxunto do Estado –segmento que incrementa a súa representatividade en nove puntos-. O mercado interno mantense estable en termos de peso mentres que o internacional perde algo máis de nove puntos de cuota de mercado marcando un novo mínimo histórico.

Peso dos principais mercados nos establecementos hoteleiros. Verán 2021



# MERCADOS TURÍSTICOS


Na liña do comentado para o conxunto da oferta regrada obsérvase neste verán un comportamento algo dispar dos tres grandes segmentos de mercado no ámbito hoteleiro.

Todos superan, e de forma notable, as cifras do pasado ano mais o nivel de recuperación da demanda respecto dos valores previos á pandemia non é equivalente. O turismo interno sitúase no 95% da demanda de 2019, superando o medio millón de noites por quinta vez na serie histórica. Fica por debaixo dos valores do cuatrienio 2016-19 pero logra superar xa as cifras de toda a serie anterior.

O mercado receptor nacional é o que presenta mellor comportamento en termos relativos pois supera non só o nivel do pasado ano senón tamén o de 2019 –nun 8,5%–, acadando ademais un máximo da serie histórica con preto de 1,85 millóns de noites. Céntrase aquí, neste segmento, boa parte da recuperación da actividade turística en Galicia neste verán.

O mercado internacional mellora os resultados do pasado ano mais fica aínda lonxe dos niveis previos á crise. Recupera neste verán entorno á metade do número de noites do período estival de 2019 –manténdose en mínimos históricos na comunidade–.


## Recuperación dos principais mercados nos aloxamentos hoteleiros. Verán 2021/19



# MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



# MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística no segmento hoteleiro, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa neste verán o 19,5% do total das pernoctacións da comunidade –cifra inferior á do pasado ano cando puntualmente chegaba ao 26% do total pero case equivalente á de 2019-. Dalgunha maneira o mercado interno recuperou agora en 2021 a súa “cuota de mercado” habitual.
- Madrid é o principal mercado emisor a nivel estatal. Con preto de 573 mil noites representa o 21,8% do total da demanda turística hoteleira. Ten un peso superior ao do mercado interno, circunstancia que só acontece agora no verán fronte ao que se observa no resto do ano –cando ocupa habitualmente o segundo posto-.
- Despois de Madrid seguen en orde de importancia Andalucía –co 8,5%-, Cataluña -co 7,1%-, Castela e León –co 6,9%- e o País Vasco –co 4,9% do total da demanda hoteleira neste caso-. Por tanto, logo de Madrid sitúanse como mercados máis importantes aqueles de maior poboación –Andalucía e Cataluña- e outros de maior proximidade -Castela e León neste caso, e con certa distancia o País Vasco-.
- A C. Valenciana e Asturias sitúanse a continuación cunha cuota global por encima do 4% en ambos.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Neste verán rexístranse algo máis de 70 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 2,7% do total da comunidade e o 26% do total internacional.
- Outros mercados tradicionalmente importantes teñen neste verán moi baixo peso dentro da estrutura global da demanda. Así, despois de Portugal destacan Francia, Italia e Alemaña dentro do mercado europeo, e EE.UU. fóra do continente, mais con cuotas de mercado iguais ou inferiores ao 1% do total cada un deles –cifra que fala da súa escasa representatividade neste verán.
- Nun segundo plano, con volumes inferiores ás 10 mil noites, sitúanse Reino Unido, Países Baixos ou Suíza.
- Con carácter xeral todos os mercados internacionais fican con volumes e peso inferiores a calquera dos mercados nacionais


# MERCADOS TURÍSTICOS

O bo comportamento do mercado receptor nacional vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en boa parte dos mercados emisores, con diversa intensidade.

En termos relativos son os mercados de maior volume de poboación e curiosamente algúns deles de maior distancia a Galicia –Madrid, Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana- os que presentan mellor comportamento en termos relativos pois superan non só os niveis do pasado ano senón tamén os de 2019 –en algo máis dun 10% o madrileño e andaluz e en máis dun 20% o catalán e valenciano-. Tal é o incremento que algúns deles –o madrileño, catalán ou andaluz- acadan máximos históricos de demanda neste verán, superando calquera rexistro anterior, grazas ás fortes subas rexistradas en agosto.

Aqueles de maior proximidade quédanse, en cambio, en niveis algo inferiores aos de 2019 –caso de Castela e León, Asturias e mesmo o interno, de Galicia-. O nivel de recuperación é notable pero inferior ao observado naqueles de maior distancia e poboación.

## Evolución dos principais mercados nacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites verán 2021/19




# MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase un comportamento máis homoxéneo no sentido de que todos os mercados superan os niveis do pasado ano mais fican lonxe das cifras de 2019.

Neste contexto negativo é o mercado francés o que consegue achegarse con maior intensidade aos niveis previos á pandemia, rexistrando preto do 70% da demanda de 2019. Portugal, Suíza e os Países Baixos superan en algo máis da metade os valores de 2019 mentres que os restantes mercados internacionais sitúanse por debaixo desa cifra. A peor porcentaxe fica para o mercado británico que consegue rexistrar apenas o 35% da demanda do verán de 2019.

No caso do segmento internacional, e dentro da dinámica negativa xeneralizada, cabe sinalar que son os mercados de maior proximidade os que inician a recuperación neste verán.

## Recuperación dos principais mercados internacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites verán 2021/19



# ANÁLISE TERRITORIAL


En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística presenta unha notable concentración nas provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade.

Neste verán as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 84% do total da demanda cun reparto algo dispar –Pontevedra xera maior volume de pernoctacións con máis de 1,8 millóns neste período, o 47% do total-. En A Coruña o nivel fica en preto de 1,4 millóns, o 37% neste caso.

O 16% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma algo dispar entre Lugo –que absorbe o 11% do total da demanda- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, cun 5% neste caso-.

No verán, e como característica propia da temporada alta –pois así acontece sempre nos últimos anos-, Pontevedra sitúase como a provincia de maior volume e peso no conxunto da comunidade. Tal circunstancia acontece ademais en xullo e agosto en contraposición ao observado nos primeiros seis meses do ano –período no que A Coruña absorbe maior volume e peso-.

Demanda turística REGRADA por provincias. Verán 2021






# ANÁLISE TERRITORIAL


En termos globais o comportamento da demanda turística a nivel da comunidade trasládase ás catro provincias galegas. Todas superan, de forma notable, os niveis de demanda do pasado ano e fican en niveis parellos aos de 2019 –previos á pandemia-. Os matices están nas pequenas diferenzas de intensidade que levan a que Lugo supere nun 1,6% o nivel de demanda de 2019, A Coruña e Ourense fiquen por encima do 98% e Pontevedra no 96% do volume total de noites do verán de 2019.

Esta distribución provoca pequenos cambios na estrutura da demanda a nivel provincial, gañando peso neste ano as provincias do norte –A Coruña e Lugo- en medio punto, manténdose estable Ourense e perdendo case un punto Pontevedra. Son modificacións pouco significativas que con carácter xeral permiten manter a estrutura da demanda de hai dous anos con forte concentración da demanda nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

Variación da demanda turística REGRADA por provincias. Verán 21/19



Cambio na estrutura da demanda a nivel territorial. Provincias verán 21/19




# ANÁLISE TERRITORIAL

O 35% do total da demanda hoteleira de Galicia deste verán corresponde aos destinos urbanos da comunidade. Esta porcentaxe, aínda que importante, é inferior á rexistrada noutros momentos do ano nos que o turismo urbano supera o 50% -ou mesmo o 60%- do total das noites hoteleiras, e tamén inferior á que se rexistraba no mesmo período de 2019 –cando se achegaba ao 40%-. Neste sentido confírmase que neste verán adquiren maior peso relativo os destinos de litoral e de interior fóra das áreas urbanas. Sirva de exemplo municipios como Sanxenxo que lidera neste verán o ranking a nivel municipal rexistrando 408 mil noites hoteleiras –o dobre de Vigo, por exemplo-.

A cidade de Compostela lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. Neste verán rexistra preto de 322 mil noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 12,3% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña –con algo máis de 208 mil noites- e Vigo –con 200 mil neste período estival-.

As restantes catro cidades distan en volume e peso das tres anteriores, cun grupo de tres con máis de 50 mil noites –Lugo, Ourense e Pontevedra- e outra con menos de 35 mil –a cidade de Ferrol-.

## Demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2021




# ANÁLISE TERRITORIAL

Os destinos urbanos de Galicia presentan neste verán un comportamento relativamente homoxéneo por canto todos eles superan, de forma notable, as cifras do pasado ano –Santiago por exemplo en algo máis do dobre- e paralelamente fican por debaixo dos niveis de 2019. Con certo detalle aprécianse pequenas diferenzas no grao de recuperación.

Ferrol e Ourense son as cidades que máis se aproximan ás cifras previas á pandemia, rexistrando máis do 95% da demanda daquel ano. Santiago presenta tamén un nivel de recuperación importante, co 92% do volume de noites de 2019. Entre o 80-90% sitúanse Lugo, Ourense e Vigo mentres que A Coruña marca maior distancia cos valores previos á crise, rexistrando neste verán o 80% da demanda de 2019.

Con este panorama boa parte das cidades de Galicia conseguen manter o seu peso dentro da comunidade –caso de Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra- mentres que dúas delas – A Coruña e Vigo- perden cuota de mercado en relación ao peso que presentaban en 2019.

Recuperación da demanda HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2021/19




# ANÁLISE TERRITORIAL

A nivel de xeodestinos o comportamento da demanda hoteleira cambia, observándose diferenzas nalgúns casos notables en relación ao verán de 2019 –previo á pandemia–.

Cinco destinos da comunidade presentan un notable grao de recuperación da demanda por canto superan neste verán non só os niveis do pasado ano senón tamén os de 2019: en preto do 19% a Costa da Morte –acadando un máximo da serie histórica–, en case un 9% Ferrolterra e a Ribeira Sacra, nun 5% a Mariña Lucense –marcando tamén un máximo da serie– e nun 2,3% Manzaneda/Trevinca-. A Costa da Morte marca, por tanto, o mellor comportamento en termos relativos.

Terras de Santiago-Deza mantense en niveis parellos aos de 2019 mentres que os restantes destinos sitúanse por debaixo das cifras previas á pandemia –con maior distancia A Coruña-As Mariñas, co 82% da demanda de hai dous anos–.

## Recuperación da demanda HOTELEIRA nos principais xeodestinos de Galicia. Verán 2021/19



# DEMANDA TURÍSTICA - TIPOLOXÍAS


O 68% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 55,6%- como ás pensións –co 12,4% neste caso-.

O 32% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 7,0% da demanda total-, aos cámpings –co 20,7%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,3% neste caso-.

Esta distribución da demanda é moi propia e característica dun período de temporada alta, cun peso importante dos hoteis –aínda que inferior ao que se rexistra noutros momentos do ano- e notable presenza dos cámpings –modalidade que xorde basicamente no verán pois en temporada baixa apenas representa o 1% do total-.

En termos comparativos neste ano obsérvase un incremento do peso do segmento extrahoteleiro, singularmente dos apartamentos turísticos e dos cámpings.

Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento regrado. Noites verán 2021




# DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS

En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste verán un comportamento dispar, en liña co que se viña observando nos últimos meses. Todas as modalidades superan obviamente as cifras do pasado ano mais soamente dúas delas –os apartamentos turísticos e os cámpings- conseguen situarse por encima dos niveis de 2019 –nun 13,1% os primeiros e nun 8,3% estes últimos-. O incremento é de tal magnitude que xustamente estas dúas modalidades de aloxamento marcan neste verán niveis máximos de demanda en toda a serie histórica –con 269 mil noites os apartamentos turísticos e case 800 mil noites os cámpings-.


As restantes tres tipoloxías fican por debaixo dos niveis previos á pandemia con niveis de recuperación do contorno do 95% do volume de noites de 2019 nos hoteis e pensións, e do 92% no segmento de turismo rural.

A diferenza de comportamento leva a variacións na estrutura da demanda segundo a tipoloxía de aloxamento utilizada. Desta maneira gañan peso no cómputo global os apartamentos turísticos e os cámpings –nun punto os primeiros e en dous puntos estes últimos-, mantéñense relativamente estables as pensións e establecementos de turismo rural mentres que os hoteis perden máis de dous puntos de cuota de mercado en relación ao observado no verán de 2019.

### Recuperación da demanda turística regrada por tipoloxías. Noites verán 2021/19



### Cambio na estrutura da demanda por tipoloxías. Verán 21/19




# DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS

Dentro do ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento algo diferente. No caso dos hoteis todas as categorías fican por debaixo das cifras de 2019 mais presentan mellores resultados os segmentos de maior categoría –os hoteis de tres ou máis estrelas, pois rexistran volumes de demanda parellos aos de hai dous anos- fronte a aqueles de menor categoría –hoteis dunha e dúas estrelas, cun nivel de recuperación inferior ao 90% do valor de 2019.

No caso das pensións a diferenza é aínda maior pois aquelas de maior categoría –dúas e tres estrelas- acadan o 80% da demanda previa á pandemia mentres que xustamente as de unha estrela conseguen superar o valor de 2019 –nun 23,5%-, marcando a cifra máis alta dos últimos catro anos con 220 mil noites. Nas pensións visualízase o mellor e o peor comportamento do segmento hoteleiro, sendo unicamente aquelas dunha estrela as que conseguen situarse por encima dos niveis previos á pandemia, nunha porcentaxe aínda superior á rexistrada nos apartamentos turísticos e cámpings.

Recuperación da demanda turística hoteleira por categorías. Noites verán 2021/19




# DEMANDA TURISTICA – EST. HOTELEIROS

Fixando a atención no segmento hoteleiro obsérvase que o incremento deste verán –do 72% en relación ao pasado ano- non é suficiente para acadar o nivel de 2019 pero achégase de forma considerable –colócase preto do 95% da demanda daquel ano-. Diferenciando por meses apréciase que en xullo o volume de noites sitúase no 87% da demanda de 2019 mais en agosto xa supera o valor daquel ano –en menos do 1% neste caso-.

En termos absolutos o sector hoteleiro xerou neste verán preto de 1,1 millóns de novas pernoctacións en comparación co pasado ano 2020 acadando en total máis de 2,62 millóns –cifra inferior á dos últimos anos pero superior a toda a serie anterior a 2016-.

A pesar de non superar as cifras de 2019 o grao de recuperación deste segmento agora no verán é moi notable, e desde logo superior ao que se viña observando no primeiro semestre deste ano.

Evolución da demanda turística nos ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS. Noites verán 2013-21






# DEMANDA TURÍSTICA – APTOS. TURÍSTICOS

No ámbito dos apartamentos turísticos a dinámica é diferente. Este segmento xa viña amosando nos últimos meses un notable grao de recuperación en parte porque resistiron mellor as consecuencias negativas da crise e conseguiron cubrir en boa medida a maior demanda de tipoloxías de aloxamento localizadas en contornos illados, de baixa concentración, e con menor necesidade de uso de servizos colectivos como a restauración, por exemplo.

Tal é o impulso amosado por este segmento que neste verán consegue non só mellorar os resultados dos últimos anos senón marcar un máximo da serie histórica con pouco máis de 269 mil noites.

O incremento en termos absolutos supón a xeración de 64 mil novas pernoctacións en comparación co dato do pasado ano.

Evolución da demanda turística nos APARTAMENTOS TURÍSTICOS. Noites verán 2013-21




# DEMANDA TURISTICA – CAMPINGS

A dinámica da demanda turística nos cámpings aseméllase ao comentado para os apartamentos turísticos. Os bos resultados obtidos neste verán permiten a esta tipoloxía de aloxamento non só superar os niveis dos últimos anos senón colocarse cun máximo da serie histórica, con preto de 800 mil noites.

O notable incremento da demanda nesta tipoloxía acontece xa desde o mes de xuño, con subas do 15% en xullo e do 3,4% en agosto en relación ao verán de 2019.

Supera en case 30 mil noites a última cifra máis alta, do verán de 2016.

Evolución da demanda turística nos CAMPINGS. Noites verán 2013-21




# DEMANDA TURISTICA – TURISMO RURAL

No ámbito do turismo rural o comportamento da demanda é menos intenso que nos casos anteriores. Este segmento consegue mellorar nun 35% o volume de noites do pasado ano mais fica por debaixo das cifras de 2019 –achégase ao 92% da demanda dese ano-.

Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o segmento de turismo rural fica por debaixo dos valores de demanda dos últimos seis anos –obviando o dato de 2020- e, por tanto, consegue situarse en niveis parellos aos que presentaba o sector a mediados da década pasada..

Evolución da demanda turística nos ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL. Noites verán 2013-21




Neste contexto de recuperación da demanda a estadía media descende en relación ao dato do pasado ano –nun 4,5%– manténdose no mesmo nivel que en 2019 –con 2,6 noites de media no conxunto dos aloxamentos turísticos considerados–.

Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que a estadía media viña crescendo de forma consecutiva de 2016 a 2020, a taxas máis ou menos constantes agás en 2019. Tal circunstancia permitiu pasar de pouco máis de 2,3 noites de media no verán de 2015 a 2,7 noites en 2020, para volver a 2,6 noites agora en 2021. Son tres décimas de diferenza en relación ao dato do verán de 2015, cun dato equivalente ao de 2018 e 2019.

Os apartamentos turísticos son a modalidade que rexistra o valor máis alto con 4,4 noites. Nos cámpings a cifra fica en 3,8 noites, sendo estas dúas as tipoloxías cos valores máis elevados.

Nas restantes modalidades o nivel sitúase por debaixo das tres noites –concretamente en 2,4 noites nos hotéis e nos establecementos de turismo rural e, máis lonxe, en pouco máis de 1,8 noites nas pensións–.


Estadía media nos establecementos regrados. Verán 2013-21



Só para o ámbito hoteleiro obsérvanse notables diferenzas no dato da estadía media segundo o destino turístico considerado. Así, o valor máis elevado corresponde a boa parte dos destinos do litoral da comunidade –marcan todos, agás a Costa da Morte, cifras superiores ás dúas noites-, destacando por encima de todos Ría de Arousa –que marca 3,4 noites neste verán-. Sitúanse a continuación A Coruña-As Mariñas, con 2,6 noites de media, e a Mariña Lucense, con 2,4 noites neste caso. Neste grupo colócase como excepción un destino do interior galego –Manzaneda/Trevinca-, que rexistra de media 2,5 noites.

No lado contrario, as cifras máis baixas localízanse en destinos do interior, concretamente en Lugo Central –con 1,5 noites- e Terras de Ourense/Allariz e Ribeira Sacra –con pouco máis de 1,7 noites neste caso-.

## Estadía media nos establecementos hoteleiros dos principais xeodestinos. Verán 2021




En termos de ocupación a dinámica é algo diferente ao observado do lado da demanda. Obviamente todas as tipoloxías superan, nalgúns casos de forma notable, as porcentaxes do verán pasado pero soamente dúas conseguen situarse por encima da cifra de 2019 –en medio punto as pensións, como consecuencia dun axuste da oferta, e en máis de tres puntos os cámpings grazas en boa medida ao notable incremento da demanda–.

As restantes tres modalidades de aloxamento fican con niveis de ocupación inferiores aos de 2019 pero con cifras bastante próximas. Os establecementos de turismo rural colócanse en porcentaxes moi parellas, con menos dun punto de diferenza –por un axuste da oferta parello ao da demanda–, os hoteis a algo máis dun punto mentres que os apartamentos turísticos marcan a distancia máis grande, de 2,5 puntos. Neste último caso acontece que durante a crise incrementouse o nivel de oferta por encima do volume de demanda, provocando ese descenso na ocupación media no verán.

Cun 65,0% de ocupación os hoteis marcan a cifra máis elevada no período estival. As restantes modalidades marcan certa distancia, cun 51,3% de media os apartamentos turísticos e entorno ao 42% as pensións, cámpings e aloxamentos de turismo rural.

**% Ocupación nos establecementos regrados. Verán 2021/19**





# RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia increméntanse neste verán, superando nun 11,6% o dato do pasado ano e nun 10,7% a cifra de 2019. O impulso é de tal magnitude que en realidade a nosa comunidade marca neste ano un máximo histórico de ingreso medio por habitación ocupada, con 75,3 euros de media no período estival. Tal circunstancia acontece tanto en xullo –cando se rexistran 69,4 euros- como en agosto -con 79,4 euros neste caso-.

A recuperación dos niveis de demanda e ocupación –en termos de ocupación por habitacións acádase a cifra de 2019- prodúcese, por tanto, nun contexto de incremento dos prezos hoteleiros. Tal circunstancia leva a unha notable mellora dos niveis de rendibilidade no sector hoteleiro, superando non só a cifra do pasado ano –nun 76%- senón tamén a de 2019 –nun 13%- e marcando, tamén neste caso, un máximo da serie histórica con 48,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Así pois, neste verán o segmento hoteleiro de Galicia consegue resultados moi positivos non só en termos de demanda e ocupación –cun nivel de recuperación notable- senón sobre todo en termos de rendibilidade acadando as cifras máis elevadas tanto de tarifas hoteleiras como de ingreso medio por habitación dispoñible.

## Variación da ocupación, ADR e RevPAR no sector hoteleiro




# RENDIBILIDADE HOTELEIRA

O incremento do RevPAR hoteleiro deste verán vén provocado en esencia por unha suba das tarifas hoteleiras nun contexto no que se recuperan a grandes trazos os niveis de demanda e ocupación previos á pandemia.

A dinámica dos últimos anos rómpese totalmente en 2020 no caso da ocupación e rendibilidade mais estabilízase no caso dos prezos hoteleiros. Agora en 2021 o sector conseguiu virar a tendencia e regresar a cifras positivas.

As tarifas medias así como os niveis de rendibilidade de Galicia sitúanse nunha posición intermedia no conxunto do Estado. En termos dinámicos, sen embargo, a nosa comunidade colócase no grupo de comunidades cos incrementos máis elevados, só superada por tres no caso do ADR –Asturias, Aragón e Baleares presentan incrementos algo máis intensos en comparación co 2019- e por dúas no caso do RevPAR –Asturias marca tamén aquí a suba máis notoria, do 21,8% en relación co dato de 2019-.

Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Verán 2012-21






# RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando o comportamento dos niveis de ocupación nun contexto de incremento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste verán preto de 102,8 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que supón un máximo na serie histórica pois nunca antes este segmento conseguira superar os 100 millóns de ingreso total durante o período estival. Supera nun 4,9% o dato de 2019.

A dinámica rexistrada por esta variable nos últimos anos segue o mesmo patrón que a demanda e o nivel de ocupación, pero con diferenzas de intensidade. Descende fortemente no verán pasado como consecuencia do impacto da pandemia e sobe de tal maneira que supera os rexistros anteriores, grazas á recuperación da demanda nun contexto de incremento das tarifas hoteleiras. En termos económicos a recuperación é máis notoria e intensa que en termos de demanda.

Ingreso total por habitacións ocupadas no segmento hoteleiro. Verán 2012-21



# TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste verán visitaron Galicia preto de 263 mil turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que segundo o INE superou nun 44% a cifra do pasado ano pero fica aínda moi lonxe dos niveis previos á pandemia. O grao de recuperación do mercado internacional é aínda moi frouxo, situándose neste verán no 55% do volume de turistas de 2019.

O 51,5% dos turistas teñen orixe no país veciño, Portugal, constituíndo o noso principal mercado emisor. O 48,5% procede dos restantes países destacando neste grupo Francia, co 13,2% do total internacional.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular o 92%-, estímase en 592 mil persoas durante o período estival –un 13% menos que no pasado ano 2019-.

## Turismo internacional en Galicia. FRONTUR verán 2021

	Verán 2021	Var. 2021/19	Peso
<b>TURISTAS INTERNACIONAIS</b>	<b>262.865</b>	<b>-45,0%</b>	<b>100,0%</b>
Portugal	135.477	-17,6%	51,5%
Resto países	127.388	-59,4%	48,5%
<b>EXCURSIONISMO INTERNACIONAL</b>	<b>592.152</b>	<b>-13,1%</b>	<b>100,0%</b>
Portugal	545.010	-13,8%	92,0%
Resto países	47.142	-4,8%	8,0%


# TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

Ademais de presentar maior volume o mercado portugués rexistra tamén mellor comportamento por canto recupera máis do 80% da demanda de 2019. O resto dos mercados internacionais, en conxunto, acadan o 41% do total de turistas que había antes da pandemia –percentaxe que fica lonxe dos rexistros marcados polos mercados nacionais, por exemplo–.


O 83% dos turistas visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 9% fíxoo por motivos persoais mentres que un 5% visitou Galicia por negocios–. Xustamente o segmento de viaxes por motivos persoais é o que consegue situarse máis preto dos niveis previos á pandemia –acada o 80% do nivel de 2019– pero curiosamente diminúe en relación ao observado no pasado ano. En 2020, en plena crise e con caídas xeneralizadas en todos os segmentos turísticos, o único que conseguiu superar os valores do anterior 2019 foi xustamente o de viaxes persoais, que se reforzaron nun contexto de pandemia.

As viaxes de estudos sufriron, en cambio, as peores consecuencias e aínda neste verán fican por debaixo do 20% do volume de 2019.

## Recuperación turismo internacional, por procedencia



## Recuperación turismo internacional. Principais segmentos por motivación



# TURISMO INTERNACIONAL - EGATUR

En termos de gasto, utilizando a operación FRONTUR/EGATUR para o turismo internacional, obsérvase neste verán un comportamento parello ao observado do lado da demanda.

O gasto medio diario do turista internacional en Galicia supera o valor do pasado ano mais fica por debaixo do nivel de 2019 –un 3,2% menos-. A pesar disto cabe destacar que a diferenza non é tan elevada e mesmo se pode falar de recuperación do perfil de gasto habitual –no verán de 2019 o gasto medio diario do turista situábase en 99,2 euros de media-.

Sen embargo, o gasto total efectuado polos turistas estranxeiros –cifra que combina a evolución do gasto medio diario e número de noites- fica bastante lonxe do nivel de 2019 –un 45% menos- pois recolle tamén o descenso da demanda –o volume de pernoctacións medidas desde EGATUR cae nun 43%-. A recuperación en termos de gasto sitúase no 55% do total rexistrado antes da pandemia.

## Gasto total e gasto medio diario do turismo internacional. Verán 2021

	Verán 21	Var. Int. 21/19
Gasto Total	239.240.052 €	-45,3 %
Gasto medio diario	96,1 €	-3,2%


# CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é un dos ámbitos nos que se percibiron con maior intensidade os efectos negativos desta crise mais rexistra neste verán un cambio de tendencia que marca o inicio e consolidación da recuperación. En particular, tomando como referencia o número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste verán un incremento en relación ao pasado ano –de máis do dobre da cifra de 2020- pero insuficiente para chegar ao nivel de 2019 –achégase ao 67% do total previo á crise-.

Hai que remontarse ao ano 2012 para atopar un nivel inferior ao deste ano pois toda a serie anterior ata 2013 supera as 80 mil compostelas no verán, cun máximo histórico en 2019 –con algo máis de 116 mil-.

Como é propio da temporada alta, o volume de peregrinos españois supera ao dos estranxeiros. O volume dos primeiros sitúase en 60 mil mentres que a cifra de peregrinos estranxeiros fica en algo máis de 17 mil.

## Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas, verán 2012-21



# CAMIÑO DE SANTIAGO


Tal como se viu anteriormente obsérvase neste verán un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos segundo a procedencia, con dinámicas que van no mesmo sentido aínda que varía a intensidade. Superadas as cifras de 2020 en máis do dobre, o segmento dos españois acadou neste verán case o 90% do volume de compostelas de 2019 –dato moi positivo que sitúa a cifra en valores de mediados da década pasada–.

O segmento dos estranxeiros fica no 36% do volume total previo á pandemia, cun nivel de recuperación moi baixo –a cifra final, de máis de 17 mil compostelas– mantense en mínimos históricos deste século.


A diferenza de intensidade na evolución do volume de peregrinos leva a que neste verán se incremente o peso do segmento dos españois ata o 78% do total –vinte puntos por encima da porcentaxe de 2019– mentres que o peso dos estranxeiros fica no 22%.

A dinámica do Camiño de Santiago presenta un punto de inflexión no mes de xuño. Ata maio os volumes de peregrinos ficaban por debaixo do 10% das cifras de 2019, porcentaxe que ascende ao 30% en xuño e se sitúa no 64% en xullo e 69% en agosto. Xa fóra do verán obsérvase que a tendencia continúa pois en setembro acadouse o 82% das compostelas expedidas antes da pandemia.

### Recuperación do volume de peregrinos, por procedencia. Verán 2021/19



### Recuperación volume peregrinos. Ano 2021/19, por meses



# CAMIÑO DE SANTIAGO


No segmento dos españois o comportamento é bastante parello entre as diferentes orixes, nos diferentes mercados, coa única excepción dos galegos que neste verán superan en máis do triplo o volume de peregrinos anterior á pandemia –pasan de algo máis de 2.300 en 2019 a máis de 5.200 agora en 2021-. Gañan peso pasando do 2% do total –tradicionalmente os galegos non son un mercado prioritario do Camiño- a case o 7%.

Os restantes mercados nacionais teñen un comportamento parello, con recuperacións que van do 70% para Castela e León ao 94% para Cataluña.


Andalucía e Madrid son os principais lugares de residencia dos peregrinos españois –representan neste verán o 30% do total en conxunto-.

A nivel internacional a recuperación é, con carácter xeral, de menor intensidade mais con diferenzas entre, por exemplo, Francia –que se achega ao 65% do volume de 2019- e Italia –que fica aínda por debaixo do 30% da cifra previa á pandemia-.

## Recuperación volume peregrinos españois. Principais CC.AA



## Recuperación volume peregrinos estranxeiros. Principais países



# CAMIÑO DE SANTIAGO


Por rutas destaca novamente o Camiño Francés –co 56% do total rexistra máis de 43 mil compostelas-. Seguen en orde de importancia o Camiño Portugués –co 17,5%- e os camiños Inglés, Primitivo e Norte –con máis do 6% do total cada un deles-.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento algo diferente por canto varían en intensidade os niveis de recuperación fronte ás cifras de 2019. Neste sentido destaca unha das rutas de menor volume e peso, case incipiente no contexto dos camiños de Santiago –o camiño do Inverno, que se sitúa por encima do 90% do volume previo á pandemia-. Presentan tamén notables niveis de recuperación o camiño Inglés –co 81%- ou o Primitivo –co 78% neste caso-.

As rutas que, en cambio, amosan menor dinamismo, é dicir, un maior retardo na recuperación son o camiño Portugués da Costa, a Vía da Prata ou o de Fisterra-Muxía –fican todos por debaixo do 50% do nivel de 2019-.

Neste contexto de diferentes dinámicas dúas rutas gañan peso respecto do panorama que había no verán de 2019 –o camiño Francés e o Inglés, que superan en máis de tres e un punto, respectivamente, a cuota previa á pandemia-.

Recuperación do volume de peregrinos, por rutas. Verán 2021/19





# CAMIÑO DE SANTIAGO


Un elemento que semella propio deste verán, e probablemente desta etapa de inicio da recuperación do Camiño de Santiago nun contexto de pandemia, é o cambio no comportamento dos peregrinos. Analizando as cifras segundo o punto de saída da ruta obsérvase unha recuperación máis rápida e intensa daquelas de menor recorrido en termos relativos, isto é, das rutas que teñen menos etapas –suficientes para quizais obter a Compostela- fronte aquelas máis distantes.

Así presentan mellor recuperación as rutas que comezan en Sarria, Tui, Ferrol ou Lugo –todos localizados dentro da propia comunidade- fronte a, por exemplo, aquelas que arrancan en S. Jean Pied de Port, León ou Porto –fóra da nosa comunidade-.

Neste verán gañan peso, por tanto, as rutas de menos etapas –propias de mercados de proximidade- fronte ás máis longas –utilizadas principalmente por peregrinos estranxeiros-. Así pois este cambio na pauta de comportamento está asociada ao perfil do peregrino que arranca a realizar o camiño neste verán, nun contexto de evolución positiva da pandemia.

Sarria é o principal punto de saída das rutas a Santiago –así o manifestan o 34% dos peregrinos que recollen a Compostela, porcentaxe que ficaba no 28% en 2019-.

Principais puntos de saída. Comparativa verán 2021/19




# CAMIÑO DE SANTIAGO

Outro dos indicadores que se manexan na análise da demanda no Camiño de Santiago é o número de noites rexistradas na rede de albergues públicos do Xacobeo.


Este segmento concreto adoece de problemas na recuperación por canto se mantiveron no verán restricións importantes de acceso e de número de prazas dispoñibles. A oferta de camas en albergues públicos non se recuperou coa mesma intensidade que no privado, de aí que os volumes rexistrados neste verán fiquen aínda moi lonxe dos habituais antes da pandemia. De feito, rexistráronse preto de 25 mil pernoctacións en xullo e agosto, cifra que se sitúa no 26% do nivel acadado en 2019 –ata 2018 superábanse as 100 mil noites nos albergues públicos durante o período estival.

Por camiños a evolución é parella destacando en todo caso o Primitivo –no que se rexistran case o 32% das noites de 2019- fronte ao Inglés, por exemplo –que apenas chega ao 18% daquel ano-.

### Evolución Noites en Albergues Públicos. Verán 2013-21



### Recuperación do número de noites nos Albergues Públicos. Verán 2021/19



# CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE para o segmento hoteleiro, obsérvase neste verán un comportamento moi positivo por canto se triplican as cifras do pasado ano e tamén se superan os niveis de 2019 –nun 14% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 12% o volume de noites nos establecementos hoteleiros–.

Obsérvase neste caso, en liña co comentado na análise da demanda nos aloxamentos regrados, un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O mercado nacional supera nun 46% a cifra de 2019, rexistrando algo máis de 81 mil noites –a segunda cifra máis alta da serie histórica- mentres que o internacional fica en mínimos con preto de 16 mil noites –a metade do nivel previo á pandemia–.

Neste período son os españois maioría dentro dos establecementos hoteleiros do Camiño Francés –representan o 84% do total–.

A estadia media mantense relativamente estable con pouco máis de unha noite –dato asociado en grande medida á presenza do peregrino–.

## Demanda Hoteleira no Camiño Francés. Verán 2021


	Verán 2021	Var. Int. 21/19
<b>VIAXEIROS ALOXADOS</b>	<b>91.162</b>	<b>13,8%</b>
Españóis	76.082	48,8%
Estranxeiros	15.078	-47,9%
<b>NOITES</b>	<b>96.995</b>	<b>11,9%</b>
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	<b>1,06</b>	<b>-1,7%</b>
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	<b>59,90%</b>	<b>8,96</b>

# CAMIÑO DE SANTIAGO


A evolución da demanda permite recuperar os niveis anteriores á crise –de 2018 e 2019- pero non dos anos anteriores –o máximo da serie corresponde ao verán de 2015 con máis de 138 mil pernoctacións no camiño Francés-. Con isto o nivel acadado neste verán supón o máis elevado desde o 2017.

A recuperación da demanda prodúcese nun contexto de axuste da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sitúase un 4,8% por debaixo do valor de 2019-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de case 38 puntos en relación ao pasado ano e de nove puntos en comparación co 2019-. A perspectiva temporal máis ampla amosa que o nivel de ocupación deste verán supón, en realidade, un máximo da serie histórica co 59,9% -ata o de agora a porcentaxe máis alta situábase en 2016 cun 52,3% de media-.

## NOITES nos Estab. Hoteleiros do Camiño Francés. Verán 2013-21



## OCUPACIÓN nos Estab. Hoteleiros do Camiño Francés. Verán 2013-21



# TRÁFICO AEROPORTUARIO

No ámbito da mobilidade aeroportuaria o comportamento neste verán é diferente do observado noutros segmentos da actividade turística. En síntese, o tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia non termina de arrancar e de feito mantense en niveis semellantes aos do pasado ano –noutros ámbitos xa se superan de forma notable os datos de 2020-.

Con preto de 367 mil pasaxeiros no conxunto dos tres aeroportos Galicia sitúase no 35% do volume acadado en 2019 –cando se superaba o millón de pasaxeiros no verán-.

A dinámica é parella nos tres aeroportos, con niveis de recuperación que van do 29% en A Coruña a case o 40% en Santiago –o aeroporto de mellor comportamento en termos relativos-.

Lavacolla é unha vez máis o aeroporto de maior volume e peso no conxunto de Galicia –absorbe neste verán o 64% do total do tráfico aéreo da comunidade con case 234 mil pasaxeiros-. O mellor comportamento en termos relativos de Santiago permite gañar cuota de mercado neste verán, superando en sete puntos o seu peso respecto do verán de 2019. Neste sentido, aínda que a conxuntura negativa é global, semella que esta crise afecta en maior medida aos aeroportos de menor volume, A Coruña e Vigo neste caso.

## Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2021


AEROPORTO	Verán 21	Verán 20	Verán 19	Var. Int. 21/19
A CORUÑA	72.532	67.389	250.213	-71,0%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	233.819	233.816	597.874	-60,9%
VIGO	60.490	56.602	196.372	-69,2%
GALICIA	366.841	357.807	1.044.459	-64,9%

# TRÁFICO AEROPORTUARIO

Tal como se pode observar na figura o tráfico aeroportuario en Galicia neste verán mantense relativamente estable en comparación co pasado ano –non semella que a recuperación estea iniciada neste ámbito-, marcando por tanto moita distancia cos niveis habituais na nosa comunidade –en 2019 marcárase un máximo da serie histórica con algo máis dun millón de pasaxeiros-.

Ese leve incremento de oito mil pasaxeiros corresponde aos aeroportos de Alvedro e Peinador. En Lavacolla a cifra deste verán equivale á do pasado ano.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2013-21



# EMPREGO TURÍSTICO - EPA

Segundo a Enquisa de Poboación Activa no segundo trimestre deste ano 2021 o sector turístico de Galicia rexistrou 106.537 ocupados, cifra que supera levemente o dato do pasado ano pero que fica un 16,5% por debaixo do nivel de 2019. Supón o 9,9% do total de ocupados nas diferentes ramas da economía da comunidade.

O 76% das persoas ocupadas son asalariados –porcentaxe superior á de 2019- mentres que a cifra restante figuran como autónomos.

Dentro dos asalariados do sector obsérvase unha taxa de temporalidade do 30%, levemente superior á do pasado ano pero inferior á que se viña rexistrando antes da pandemia –en 2019 situábase no 41%-.

En paralelo ao anterior a EPA constata que neste trimestre descendeu o desemprego no sector pois rexístrase unha caída do 22% na cifra de parados en relación ao 2020 –situando o dato final en 15.826- mais equivalente á de 2019. Esta caída coloca a taxa de paro no sector no 12,9%, porcentaxe inferior en case tres puntos porcentuais á cifra do mesmo período do pasado ano.

## Emprego no sector turístico. EPA 2º Trimestre 2021

	2TR21	2TR20	2TR19	Var. 21/19
<b>OCUPADOS</b>	<b>106.537</b>	105.590	127.598	<b>-16,5%</b>
<b>PARADOS</b>	<b>15.826</b>	20.331	15.819	<b>0,0%</b>
<b>TAXA DE PARO</b>	<b>12,9%</b>	16,1%	11,0%	<b>+1,9 ptos.</b>
<b>TAXA DE ASALARIADOS</b>	<b>76,3%</b>	77,4%	74,4%	<b>+1,9 ptos.</b>
<b>TAXA DE TEMPORALIDADE</b>	<b>29,8%</b>	27,7%	40,9%	<b>-11,0 ptos.</b>

# EMPREGO TURÍSTICO - AFILIACIONES


En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe- obsérvase, en paralelo a outros indicadores, un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano –do 2,5%- insuficiente en todo caso para achegarse ao volume previo á pandemia –en 2019 a cifra superaba as 91 mil afiliacións, dato que ata o de agora supón un máximo na serie histórica-.

O dato deste verán –case 82 mil afiliacións- aseméllase ao rexistrado no mesmo período de 2015.

A nivel desagregado obsérvase que o leve incremento das afiliacións prodúcese principalmente na rama de aloxamento, que supera nun 17,5% o dato do pasado ano. Nos servizos de restauración e nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares o nivel aseméllase ao observado no pasado ano 2020. En calquera caso todas as ramas fican cun volume de afiliacións inferior ao de 2019.

Son xustamente os servizos de restauración o segmento que acolle e rexistra maior volume de afiliacións dentro do sector –neste verán absorbe o 82% do total-.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Verán 2013-21






# EMPREGO TURÍSTICO – ALOXAMENTOS INE

No ámbito do aloxamento existe un indicador propio medido a partir das enquisas de ocupación do INE que amosa a evolución do número medio de empregados nos establecementos regrados neste verán. En síntese, neste ano rexístrase un incremento do 13,8% no número de traballadores do sector, en relación ao pasado ano, quedando a cifra final en pouco máis de dez mil. Esta suba, en cambio, non é suficiente para chegar aos niveis habituais na nosa comunidade –en 2019 acadábase un máximo da serie con preto de 11.500 empregados–.


O comportamento desta variable vai parello ao dos restantes indicadores mais apréciase deste lado un descenso menos acusado en 2020 e, en consecuencia, un incremento máis moderado agora en 2021. En termos de emprego, cando menos no verán, as flutuacións son de menor intensidade que noutros indicadores de demanda ou ocupación, por exemplo.

Por tipoloxías obsérvase que a recuperación do emprego permite superar os niveis de 2019 nos apartamentos turísticos e nos cámpings –nun 20,7% e 4,0% respectivamente– acadando máximos da serie histórica en cada un deles. Nos establecementos hoteleiros a evolución é menos positiva, ficando un 16% por debaixo da cifra de empregados previa á pandemia.

## Empregados no aloxamento turístico INE. Verán 2013-21



## Variación do volume de empregados no aloxamento INE. Verán 21/19



# Balance do turismo en Galicia

*Verán 2021*



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22